

A close-up photograph of a dark-furred Xabaril (wild boar) in a forest. The animal is positioned on the right side of the frame, facing left, with its head slightly lowered. Its fur is dark and textured. The background is a soft-focus forest with green foliage and tree trunks. The foreground is filled with blurred, out-of-focus elements, likely fallen leaves and branches, creating a sense of depth. The lighting is natural, filtering through the trees.

O XABARIL

MARÍA DEL CARMEN ALDIR DOVAL

Cando falamos do xabaril ou porco bravo, referímonos a un dos mamíferos máis comúns e con máis historia do concello da Lama. Para os celtas foi un animal importante considerado sagrado. Xa desde o século XVI esta especie interactuaba cos campesiños galegos e os seus cultivos. Actualmente, sobre todo polas noites, os condutores van expectantes á espera de que algún xabaril se lles cruce no seu camiño.

CLASIFICACIÓN TAXONÓMICA

O xabaril é unha das nove especies coñecidas da familia dos porcos, *Suidae*, e o devanceiro inmediato do porco doméstico. Unha das serras máis importantes do noso termo municipal e parte do sistema montañoso que forma a Dorsal Galega é O Suído, cuxa raíz etimolóxica ten a súa orixe neste animal.

Algunhas características desta familia son un rostro terminado nun morro plano, circular e móbil; un cranio con órbitas non circundadas con óso; molares con cúspides redondeadas e cairos moi desenvolto; as patas con catro dedos protexidos por pezuños e un estómago simple cun saco adicional.

O seu nome científico é *Sus scrofa* e o xénero *Sus* caracterízase por ter un corpo densamente cuberto de pelos longos e fortes; unha cabeza grande e corpo robusto con patas curtas; ollos con pupilas redondeadas; cairos moi grandes que saen fóra da boca e cola terminada nun guecho de pelos longos.

Os especialistas en xabarís e pecarís da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN) recoñecen 17 subespecies das *Sus scrofa*, tres das cales se distribúen en España, *S. s. scrofa* é a subespecie distribuída en Galicia.

DISTRIBUCIÓN E HÁBITAT

Especie orixinaria de Eurasia e norte de África. Existiron poboacións nativas desde Exipto ata a parte sur de Escandinavia e Siberia e desde Irlanda polo oeste ata Xapón polo leste. Na actualidade está presente de forma nativa ou introducida en todos os continentes, excepto A Antártida, polo que é un dos mamíferos terrestres con maior distribución xeográfica.

En España é unha especie de ampla distribución, máis abundante no centro e norte de Andalucía e Cataluña. No concello da Lama é unha especie bastante común.

É capaz de vivir en diferentes biótopos desde o bosque mediterráneo, bosque de coníferas e rexións cubertas de abundante vexetación, en terreos con matogueiras, estepas e marismas, así como na veciñanza das grandes cidades superpoboadas.

DESCRICIÓN MORFOLÓXICA

O xabaril ten unha cabeza alongada e lixeiramente cónica, con orellas pequenas que se manteñen ergueitas, a diferenza das do porco doméstico que son maiores e tenden a caer cara a adiante. O cranio é longo e estreito con órbitas abertas na parte posterior. Os ollos son sumamente pequenos e negros. O pescozo é pouco aparente. O corpo é "rechoncho", macizo e robusto, e alcanza a máxima altura na rexión das extremidades anteriores, entre 110 e 155 cm.

As patas dianteiras son curtas, pero moi fortes, e as traseiras son lixeiramente máis baixas. O pé está provisto de dous dedos con pezuño, así como de dous rudimentos traseiros máis elevados. Os pezuños dianteiros miden 7x10 cm e os traseiros 2x1 cm.



[Oleo Sangliers allant boire de Georges Frédéric Rötig] F01

O pelame está formado por porcas longas e ásperas e unha densa la inferior. A coloración típica dos adultos é en tons pardas, excepto a cabeza e o fuciño que son gris escura e as extremidades e orellas case negras. A cola termina nunha borla e mide entre 15 e 20 cm.

A crina dorsal é característica da especie e críspase en momentos de tensión e durante interaccións agonísticas, dándolle ao animal un aspecto de maior corpulencia e fereza. Está formada por pelos terminados en diversas puntas que son de maior lonxitude e grosor que os do resto do corpo, adquire maior desenvolvemento nos machos.

Ao longo do ano presenta dous tipos de pelame: o estival, curto e pouco denso, e o invernal, con pelo longo na capa superficial e debaixo unha espesa capa de pelo máis curto chamado “borra”.

A dentición definitiva está integrada por 22 pezas. Os cairos son un dos elementos máis característicos da especie e o seu crecemento non se detén ata alcanzar os 10 anos. Os cairos inferiores do macho, chamados “cabeiros” ou “navallas”, son longos e cortantes e están transformados en estruturas de defensa e a punta vaise engrosando coa idade ata ter o mesmo diámetro que a base.

Os cairos superiores vanse arqueando progresivamente cara arriba ata encaixarse na parte posterior do fuciño. O seu rozamento continuado cos cairos inferiores produce ángulos cortantes, que xunto coa súa aguda punta, constitúen unha importante defensa, ademais de facilitar a marcaxe de árbores e participar activamente na loita dos machos por conseguir femias.

Ten un olfacto excelente pola súa grande importancia na exploración do medio, na comunicación intraespecífica e na función defensiva, xa que en gran medida os perigos se detectan con este sentido. Ademais, son capaces de localizar alimento a bastantes centímetros baixo a superficie do chan.

O oído está ben desenvolto e permite a detección das expresións vocais dos distintos individuos e axúdalles a detectar de inmediato a procedencia de calquera rumor ou son inusual. Ten unha visión moi pobre, particularmente a longa distancia.

Os xabarís posúen diversos tipos de glándulas con función comunicativa:

- * As carpianas, situadas nas patas anteriores, producen unha secreción que deixa un cheiro característico de cada animal entre a vexetación pola que se desprazan.
- * A glándula prepucial dos machos para a segregación de feromonas.
- * As glándulas lacrimais, que no caso das femias achega información sobre o seu estado reprodutivo.
- * A glándula mentoniana na boca.

DETERMINACIÓN DA IDADE

O pelame dos xabarís varía en función da idade, polo que poden determinarse tres etapas: Bacoríño, entre 0 e 3 meses, cunha librea de 11 raias negras sobre fondo amarelado que percorre lonxitudinalmente o seu corpo, que os camufla perfectamente sobre o chan do bosque.

Bácoro, entre 6 e 12 meses, cunha cor con nítidos reflexos avermellados; ademais dun menor tamaño, a cabeza é curta e a cola carece do guecho de pelos.

Adulto, máis de 1 ano, con cor escura, porcas longas, unha crina dorsal que percorre o lombo ata a metade do corpo e cola terminada nun guecho de pelos negros.

DEMOGRAFÍA

Nas poboacións ibéricas reportáronse xabarís de 11 anos, pero a maioría non supera os 3 anos. As poboacións están basicamente compostas por individuos novos, entre o 62 e o 79% dos individuos non supera os 2 anos de idade.

A dinámica demográfica desta especie caracterízase por un elevado potencial reprodutivo, unha elevada mortalidade, unha capacidade para recuperarse de crises poboacionais e uns elevados crecementos demográficos anuais.

A actividade cinexética é responsable da alta taxa de renovación das poboacións e é actualmente o factor de mortalidade máis relevante. Outros factores son a depredación, os afogamentos en canles, as epizootias ou os atropelos en estradas.

A explosión demográfica actual do xabarl é consecuencia da drástica diminución que sufriron os seus predadores naturais. O principal era o lobo, *Canis lupus*, cuxas mandas podían esnaquizar grupos enteiros. As aguías reais, os raposos e os línecs cazaban un número elevado de bácoros que na actualidade diminuíron considerablemente, polo que os sobreviventes son catro veces máis numerosos que antes.

En Galicia nas últimas décadas, o despoboamento rural e o abandono dos usos tradicionais do bosque son as principais causas do aumento poboacional de xabarís; iso ocasionou un importante incremento das superficies de matogueira e bosques, ao mesmo tempo de facilitarlle ao xabarl extensas superficies de refuxio con baixa perturbación humana e cun elevado potencial de produción de alimento.

A dificultade de realizar observacións directas destes animais expón problemas para a realización de censos. En 2011 calculouse que vivían nos bosques galegos ao redor de 40 mil exemplares. Actualmente, estáselle pedindo á Xunta un novo censo.

PEGADAS E RASTRO

A observación desta especie na súa contorna natural é complicada, con todo, existen sinais que nos indican a súa presenza na zona. Os xabarís, do mesmo xeito que outras especies, deixan pegadas e rastros no lugar no que habitan, o cal nos axuda a coñecer a súa distribución.

A pegada, a cal é moi característica, ten forma de trapecio; consta de dous pezuños dianteiros e dous traseiros máis pequenos que sobresaen polos lados respecto aos dianteiros. Marca catro dedos, dous dos cales están moi desvoltos. Nas pegadas dos machos adultos os pezuños redondeanse, os bordos son menos tallantes ca nos das femias e o talón é máis alongado.

Os excrementos son cilíndricos, redondeados ou amorfos; de cor marrón a negra, compostos por unidades de 4 a 5 cm de diámetro, que poden unirse para formar unha masa de 15 x 7 cm. Ademais, esta especie deixa na contorna numerosos e aparentes rastros que identifican actividades de alimentación, confort ou de comunicación intraespecífica, entre os que destacan: Bañeiras ou zonas de barro. Lugares aos que acoden para impregnarse de lama, recoñécense pola impresión do corpo do animal e do pelame que adoitan quedar claramente marcados. Algunhas bañeiras localízanse en pistas forestais, marxes de regatos, lagoas ou en calquera lugar con presenza de barro; en ocasións, estes puntos constitúen pequenas escavacións que son utilizadas ano tras ano.

Ata o de agora críase que a función do baño era manter a pel en perfecto estado de saúde e eliminar os ectoparasitos que quedan retidos no barro e que se desprenden cando o animal se



rasca nunha árbore ou superficie dura. Con todo, actualmente algúns autores descartan esta función antiparasitaria ao coincidir cos meses máis fríos do ano, cando a carga de parasitos externos é practicamente inapreciable; e expoñen a hipótese baseada nunha función sexual dos machos adultos na época de celo, pola presenza de individuos con barro nos meses outonais (90,9% de todos os casos). É posible que os machos tenten fixar no barro parte das feromonas que se producen na saliva e/ou aumentar a protección do seu corpo fronte ás feridas producidas por outros machos, neste caso, o barro actuaría como un axente anti-infeccioso.

Outros autores atribúenlle unha función de termorregulación, o que explicaría a predilección para seleccionar lugares axilosos, xa que as glándulas sudoríparas están atrofiadas. Árbores marcadas e fregadas. Os troncos de árbores e arbustos poden mostrar dous tipos de sinais:

- * Marcas realizadas polo corpo do animal ao rascarse. As árbores presentan a cortiza lisa e cuberta dunha fina capa de barro, algunhas con porcas adheridas; as especies máis utilizadas son coníferas, entre elas piñeiros (*Pinus sp.*) e o abeto de Douglas (*Pseudotsuga menziesii*).

- * Incisións realizadas cos cairos. Son os machos os que con máis frecuencia realizan esta actividade e durante a época de celo tenden a incrementala, depositando pequenas cantidades de saliva cunha alta concentración de androsterona. O que reforza a hipótese de que as incisións nas árbores son un soporte de mensaxes de carácter sexual, territorial ou xeráquico.

- * Zonas fozadas. Chans removidos co morro para extraer alimentos hipoxeos (larvas de insectos, raíces, bulbos, etc.). A súa extensión é moi variable, desde pequenas superficies espaxadas ao longo de pistas forestais ou regatos, a extensas zonas de prados ou bosques cos chans completamente removidos, cun efecto parecido ao labrado. Observouse unha predilección a escavar nas proximidades de determinadas especies vexetais como raíces de piñeiros, cardos e fentos.

- * Camas. Teñen unha grande importancia dentro da área de "campeo" dos xabarís. As de uso diario son pequenas depresións ou valgadas no terreo, longas e estreitas. Poden ser sobre follas secas, coníferas ou ramas. As de parto son máis elaboradas; as femias parten ramas, pequenos arbustos ou fentos e amontóanos para ofrecer protección aos bacoriños durante os primeiros días de vida, co fin de reagrupar o grupo familiar. As camas son máis abrigadas durante a estación fría ca no verán.

- * Pelos nos valos de separación de leiras. Este rastro é moi utilizado para valorar a utilización do terreo en cada momento nas grandes leiras dedicadas á explotación cinexética de caza maior.

ALIMENTACIÓN

A dieta do xabril, estudada case sempre a partir de análise de contidos gástricos ou das feces, está composta principalmente por material de orixe vexetal como froitos, tubérculos, raíces, froitas, fungos e cereais. Nas poboacións establecidas en ambientes forestais predominan os froitos de outono como as landras (o alimento máis frecuente con gran diferenza), castañas e froitos da faia. Ademais, aliméntase de vermes, insectos, mamíferos pequenos, ras, sapos, cobras, caracois, ovos e pitos de aves nidificantes no chan, crías de cérvidos, animais feridos e restos em xeral.

A pesar do seu basto aspecto, o xabril é enormemente coidadoso ao comer, pelando unha por unha as landras, castañas e piñóns, do mesmo xeito que as espigas, que son pulcramente debulladas.

DIMORFISMO SEXUAL

A especie mostra un marcado dimorfismo sexual, os machos son máis robustos e miden de 90 a 160 cm, cun peso entre 70 e 90 kg; e as femias miden de 90 a 120 cm e o seu peso é entre 40 e 65 kg.

Outros caracteres secundarios diferenciais nos machos son uns cairos de maiores dimensións, pel máis grosa e dura ao redor das costas, formando unha armazón que evita que se produzan lesións importantes durante os combates entre machos na época de celo; crina dorsal máis desenvolta e presenza dun penacho de pelos no ventre que sinala o emparezamento do pene. Os testículos alcanzan un gran desenvolvemento, o que podería indicar algún tipo de competencia espermática.

As femias teñen un fociño máis prolongado e cabeiros menos desenvoltos. No verán son notables as mamas das femias adultas que se atopan en número de catro a seis pares; un exemplar seguido de bácoros será unha femia.

As femias vellas poden ser máis corpulentas e teñen os cabeiros máis grandes que os machos máis novos. Para a correcta identificación do sexo, é determinante observar o penacho de pelos no ventre do macho ou as mamas da femia en período de lactación.

REPRODUCCIÓN

Os machos alcanzan a madurez sexual cara aos 2 anos e as femias, se as condicións de dispoñibilidade de alimento son boas, entre os 8 e 10 meses. O peso é un factor clave para desencadear a actividade reprodutora, e en diversas poboacións da península observouse que é necesario que a femia alcance un peso mínimo de 30 kg.

A dispoñibilidade de landra e outros froitos forestais ten unha influencia moi notable na reprodución desta especie e nos anos de maior produción aumentan significativamente tanto a porcentaxe de femias xestantes, como a taxa de ovulación e a media de fetos por camada. Nas épocas de seca, a porcentaxe de femias con crías é menor, unicamente as líderes dos grupos, ao redor do 20 % da poboación de femias adultas.

No outono, os machos solitarios comezan a súa aproximación aos grupos matriarcais, se o grupo non recibiu previamente a outro macho, este expulsa os machos do ano; se xa hai outro macho, teñen lugar violentas pelexas, nas que se morden mutuamente de abaixo cara arriba, co fin de que actúen as cortantes defensas, e fírense con frecuencia nos lados do peito.

Cada macho adulto ten dúas ou tres femias, aínda que algúns chegan a ter seis ou sete. O cortexo está baseado en manobras bastas e primitivas, ás que a femia responde dun modo pasivo ou con breves toques.

A época principal de reprodución é no outono, a femia entra en celo durante 23 días, entre setembro e decembro. Despois de 4 meses de xestación, entre xaneiro e abril, nacen entre 1 e 6 crías completamente cubertas de pelo e coas capacidades locomotoras e de exploración do medio plenamente desenvoltas. O número de crías depende da dispoñibilidade de alimento co que conte a femia.

As femias preparan unha cama abrandada nunha pequena escavación recuberta de material herbáceo ou leñoso, con certo illamento térmico; ademais dunha certa protección e a cohesión do grupo durante os primeiros quince días de vida dos bácoros. Estes niños son abandonados aos poucos días do nacemento cando a femia e as súas crías inician os seus desprazamentos.



F03 [Xabari adulto e crias]

Esta especie presenta unha elevada capacidade reprodutora debido principalmente a tres factores:

- * A precocidade á que alcanza a madurez sexual.
- * A xestación relativamente curta.
- * A elevada media de crías por camada.

As crías peléxanse para establecer unha xerarquía de lactación, na cal os mellores se apropiarán das mamilas con máis leite. O sistema ten unha clara funcionalidade: no caso de que a comida escasee e a femia non sexa capaz de producir leite suficiente, non se chegará a un enfraquecemento progresivo da camada, senón que morrerán os menos favorecidos.

A mortalidade durante o parto e nos primeiros meses de vida é moi variable entre distintas poboacións e as principais causas son:

- * A hipotermia debida a rigores meteorolóxicos. As crías non teñen unha regulación térmica efectiva debido principalmente á falta de graxa subcutánea e a escaseza de glicosa sanguínea.
- * Enfermidades víricas ou bacterianas. Ao nacer presentan unha ausencia case absoluta de anticorpos maternos debido á escasa permeabilidade da placenta.
- * A depredación.

HÁBITOS E COMPORTAMENTO

Na maior parte de poboacións, o xabril presenta unha actividade crepuscular e nocturna, é dicir, pasa o día encamado entre a vexetación espesa ou na escavación que realiza no chan; aínda que cando a perturbación humana é baixa poden estar activos en pleno día, como ocorre nos espazos protexidos.

A estrutura social ten como unidade básica o grupo matriarcal composto dunha ou varias femias acompañadas das súas crías. A femia de maior idade ou rango social dirixe a manda, que pode percorrer distancias considerables en busca de alimento. Nestes grupos establécese unha rede de interrelacións que facilitan o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe de complexas estratexias individuais e colectivas. Os estreitos vínculos que se establecen entre eles póñense de manifesto en fenómenos como a adopción de camadas, en caso de morte da nai, por parte doutra femia integrante do grupo.

Os machos de 2 a 5 anos abandonan os grupos matriarcais e forman grupos separados; os maiores de 5 anos adoitan ser solitarios e xúntanse coas femias en época de celo. O momento no que se produce un maior número de cópulas e de partos, con combates entre machos, son os que mostran un maior dinamismo na estrutura social das poboacións, nestes períodos dáse unha gran variabilidade na composición dos grupos.

A extrema capacidade de adaptación do xabril maniféstase no seu alto grao de tolerancia á presión humana, que lle permite obter alimento en ambientes de cultivo altamente humanizados e mesmo establecerse na periferia de áreas urbanas.

A área de “campeo” dos xabris é difícil de delimitar, polo que varían os grupos, a época do ano e a distribución dos recursos alimenticios.

O patrón máis habitual de uso desta área caracterízase pola existencia de zonas centrais de ocupación frecuente, onde constrúen as súas camas de descanso, e de sectores periféricos que utilizan máis esporadicamente e que varían en función da localización dos recursos alimentarios.

En xeral considérase que o uso do espazo está modulado por dous factores principais:

- * A dispoñibilidade de alimento. Continuos reaxustes das zonas máis frecuentadas para adaptarse aos puntos de maior oferta trófica.
- * A reprodución. Redución da área de actividade das femias, polo que permanecen durante a época de partos nas zonas que ofrecen maior seguridade.

Algúns aspectos do comportamento cambian do inverno ao verán. Con moita neve, os xabris desprázanse en ringleira, escavando o primeiro unha senda na neve. No verán, en cambio, a marcha é moito máis aberta, en forma de pelotón despregado. Os desprazamentos adoitan ser máis longos na estación fría, ao estar o alimento máis localizado, e máis curtos no outono, cando hai comida. Ademais, non é territorial.

SIMBOLISMO

As figuras de xabril, illados ou formando parte dalgún obxecto, son típicas do mundo celta, lusitano e celtibérico, os cales incluíron a esta especie entre os seus animais sacros. Ademais, son frecuentes as escenas de caza, unha práctica común e que posiblemente tiña certa carga simbólica con determinados rituais, non tanto por ser un animal agresivo, senón porque a súa grosa pel facía que a súa captura con armas arreboladizas fose difícil. Ademais, o feito de ser un animal nocturno que foza na terra, puido propiciar a súa vinculación ao mundo misterioso e subterráneo, de feito, asociouse ao deus Endovéllico, considerado unha deidade infernal.

Existen figuras de pedra, con inscricións latinas, nas que aparece o motivo da caza. Estas crenzas farían que a caza do xabril gozase de certo prestixio e a consagración como cazador debeu formar parte de determinados ritos iniciáticos que mesmo hoxe día podemos rastrexar nalgunhas actitudes festivas.

Doutra banda, o cabeiro do xabril, chamado “alicorno”, foi un eficaz amuleto de defensa contra os feitizos e as bruxas e poñíase na boneca dos nenos para escorrentar o mal de ollo.

As limaduras de cabeiro críase un potente afrodisíaco e disoltas en leite era usadas para a inflamación por mordeduras de animais venenosos. No século XVIII foi utilizado como remedio farmacolóxico para combater a pleurite.

ACCIDENTES DE TRÁFICO

Os accidentes de tráfico relacionados con fauna salvaxe constitúen un dos principais problemas de coexistencia entre poboación humana e medio natural cando se expón a xestión da fauna cinxética, os hábitats naturais, as infraestruturas e a seguridade viaria. Estes accidentes supoñen un risco para os condutores, xeran danos en vehículos e por tanto custos económicos, e dan lugar a unha porcentaxe de mortalidade considerable para certas especies animais.

O número anual de colisións en España aumentou considerablemente desde os anos 90. As causas son:

- 1) O aumento da lonxitude da rede viaria;
- 2) O aumento do volume de tráfico;
- 3) O incremento da velocidade á que se circula polas estradas;
- 4) A expansión que especies como corzo e xabril están a experimentar en España;
- 5) Escaseza de medidas correctoras da fragmentación do hábitat que causan as estradas, como pasos de fauna, corredores ecolóxicos e viadutos.



F04 [Xabariles unha estrada]

En Galicia, entre 2006 e 2010, rexistráronse 9.386 accidentes relacionados con animais, o 69% con fauna salvaxe. Destes, 96% foron producidos por ungulados silvestres: xabaril (62,8%), corzo (36,5%) e cervo (1%). Deste xeito, causáronse importantes problemas de seguridade viaria en tramos onde cruzan roteiros de desprazamento habitual de xabaris. A construción de pasos de fauna adecuados, combinados con valados perimetrais, permiten reducir estes impactos.

Os accidentes co xabaril foron máis frecuentes entre setembro e xaneiro, que corresponden co período de caza, no que os días son máis curtos e a climatoloxía adversa. Durante a tempada cinxética, os xoves e domingos, prodúcese o maior número de accidentes, mentres que o resto do ano, é elevado toda a fin de semana polo aumento de tráfico nestes días. Unha maior frecuencia dos accidentes prodúcese pola noite, entre as 18:00 e as 23:00, debido ao patrón de actividade nocturna do xabaril.

INTERACCIÓN CO HOME

Debido á grande adaptabilidade dos xabaris a unha gran variedade de biótopos, este animal salvaxe foi moi abundante en Galicia. Xa en 1548 faise unha petición ás Cortes de Valladolid, na que se conta a gran proliferación de "alimañas" nos montes do Reino, o que supoñía un perigo para os recursos básicos dos que dependían os campesiños galegos.

Cando había sobrepoboación, os xabaris facían incursións nos campos, esnaquizaban as colleitas e ocasionábanlle grandes perdas á agricultura, principalmente sobre pastos e explotacións de millo e patacas. Polo anterior, xunto cos lobos, osos e raposos, os campesiños perseguiron estes animais ata reducir a súa poboación, nalgúns casos, drasticamente.

Nos séculos XIX e XX, o xabaril atopábase nun momento de expansión grazas ás condicións ecosistémicas favorables para a súa reprodución e á diminución do número de lobos.

Aínda que para o campesiño o xabaril é un animal molesto, xa que pode producir importantes danos nos campos de cultivo (ao tombar espigas, desenterrar as patacas ou as raíces das leguminosas), non se debe esquecer os efectos beneficiosos para os biótopos nos que vive, pois co seu fozar infatigable contribúe á aireación da terra e facilita a dispersión de diferentes sementes e a súa xerminación, polo que favorece o crecemento nos bosque de arbustos e pastos; consome insectos e larvas prexudiciais para a agricultura, desenterra e consome os novos roedores nos seus niños.

O xabaril é unha especie cinxética cuxa caza está fortemente arraigada nas zonas rurais. A expansión das súas poboacións permitiu un notable incremento de capturas, pero ademais, levou a diversos conflitos de carácter económico e social.

A natureza mantén un equilibrio poboacional que o humano segue sen respectar e manipula á súa conveniencia, ao diminuír a poboación de lobos por mor dos gandeiros, aumenta a poboación de xabaril, do que se queixan os agricultores. Os humanos non somos capaces de convivir coas poboacións de animais que viven ao noso redor; queremos que eles respecten as nosas vacas, as nosas colleitas, pero nós non respectamos o seu territorio, o seu espazo.

BIBLIOGRAFÍA

Blasco-Zumeta, Javier: Fauna de Pina de Ebro e a súa comarca, Mammalia.

Bouldeire, J. L. e J. Vassant (1989): Lle sanglier, París. Ed. Hatier Faune Sauvage.

Ceredefo, M. L. e E. Cabanes (1994): O simbolismo do xabaril no ámbito celta peninsular, Traballos de Prehistoria. 51: nº2. Páx. 103-119.

Fernández-Llario, P. (2005): The sexual function of wallowing in male wild boar (*Sus scrofa*), J. Ethol., v. 23. Páx. 9-14.

Gutiérrez do Olmo et al. (2013): Os accidentes relacionados con fauna salvaxe en Galicia: incidencia, patrón e solucións, Sociedade Española de Ciencias Forestais. 6º Congreso Forestal Español. Montes: Servizos e desenvolvemento rural.

Oliver, W.R.L. (1995): Taxonomy and conservation status of the suiformes – an overview. IUCN-SSC. Journal of Mountain Ecology, v. 3. Páx. 3-5.

Quintía Pereira, Rafael (2013): Alicornio: o poder do corno de unicornio na medicina tradicional galega, Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA).

Rosell, C., P. Fernández-Llario e J. Ferreiro (2001): O xabaril (*Sus scrofa* Linnaeus, 1758), Galemys 13 (2).

Sjarmidi, A. e J. F. Gerard (1988): Autour da systématique et a distribution deas suidés, Italia. Monitore zool. V. 22. Páx. 415-448.

Sobrado Correa, Hortensio (2003): Os inimigos do campesiño. A loita contra o lobo e outras "alimañas" nocivas para a agricultura na Galicia da Idade Moderna, Obradoiro de Historia Moderna, 12. Páx. 105-139.

FONTES DOCUMENTAIS

FAUNA IBÉRICA. (2019). www.faunaiberica.org/jabali [Consultado: <xuño 2019>].

FIGURAS

Portada. enache_NH. Sanglier (*sus scrofa*). Fotografía. www.flickr.com [Consultado: <xullo 2019>].

F01. Georges Frédéric Rötig (1873–1961). Sangliers allant boire. Touchstones Rochdale Ilustración. www.artuk.org [Consultado: <xullo 2019>].

F02. Georges-Frédéric Rötig, Wild Boar Studies, pencil. Ilustración. www.gurneyjourney.blogspot.com/ [Consultado: <xullo 2019>].

F03. iisjah. Jabalí salvaje. Fotografía. www.flickr.com [Consultado: <xullo 2019>].

F04. Björn S.... Wild boar – *Sus scrofa*. Fotografía. www.flickr.com [Consultado: <xullo 2019>].